

*Na mar oceana navega o meu amor. Catro puntas na estrela e unha flor. O meu amor na mar inmensa, e nas ondas o néctar da miña dor.*

*Santa María dos portos, vela polo home que en nao vai. Santa María dos mares, vixía dos navegantes. Santa querida, dos mariñeiros coida, nas noites e mañáns frías.*

*Na mar oceana navega o meu amor. Catro puntas na estrela e unha flor.*

Coimbra, 23 de xaneiro de 1.349

Volta ser teima de gran preocupación estes días na Corte o recoñecemento e descuberta dunhas illas no Grande Océano, que chaman de paraíso, quen das mesmas retornou. Saen os navíos ao mar, e sobre as ondas treman os seus armazóns, ante os días incertos de marea que lles esperan. Estenden os homes de mar ante si as cartas de navegación, pero, ¿cales as condóminas insospeitadas que por diante lles agardan?

Así mo conta Pedro; semella que uns anos atrás, Portugal e Génova para alá deitaron as súas naos, e como resultado o pé fincaron nunha terra de abundosa flora, e na cal non da para virar famento, tantos son os froitos que das árbores penduran.

Falan que é o clima dunha benignidade extrema, nas illas nomeadas de tal xeito as Afortunadas. Novas tales trouxo quen de volta pisou chan portugués. Non haberá ben uns anos que foi este arquipélago atribuído terra castelá, e así foi que o Rei Afonso reclamou a propiedade das Afortunadas para a Coroa portuguesa, por teren sido os seus navegantes os primeiros que ata alá chegaron.

Conxunto de marabillas as que contan daquelas paraxes, no medio do océano varadas.

De flora xenerosa e augas que refulxen, como as pedras que a raíña porta na coroa, baixo a luz dun sol eterno. De nativos coa pel torrada, mouros e con dentes brancos; se ben tamén se fala doutros moradores ben diferentes: homes fortes en loita contra os casteláns, grandes coma os días de maio e de estraños cabelos loiros.

Cóntase que os salvaxes desas illas non utilizan roupas – nen sequera as mulleres posúen o recato natural -, cóntase que existe alá grande profusión de aves de variadas clases, cores e tamaños, e de que os moradores espántanse ante a estampa dos cabalos que os casteláns levaron.

Anda o mundo convulso. Desde que os seus límites se espallaron, a terra xa non ten fin; e común escoitar a noticia dunha terra nova sacada á luz, nun emprazamento antes ignoto. Cruzan os homes os mares mil veces sucados e voltan coa idea dun novo curruncho, doutros cabos que logo viran terras de promisión. Quen sabe de que acontecementos máis seremos testemuñas no século que corre.

Quen sabe. Esmorece o mundo que ata hoxe coñecemos. Esmoreceron os cimentos que herdamos, a orde que os nosos pais nos contaron.

O rei Afonso deu conta ao Papa destas illas novas. Cales serán as novidades ás que asistan os nosos fillos, en que circunstancias extraordinarias haberán de ser envoltos, de xeito que o seu mundo xa outro será, outro no que nós non nos recoñeceremos. Transcorren os tempos últimos máis fugaces que o noso pensamento, nun mundo traspoleirado que anda a mudar cartas e sinais.

... Os homes de ciencia rouban longas horas ao sono na preparación de novas cartas para os rumbos asegurar ... O meu mundo desfáise tamén..., pero infelizmente fico sen liñas novas que debuxar, carezo de palabras novas que substitúan ás que xa non serven.

Tras o mar saudable, retornamos a Coimbra. Os lugares son os mesmos, nunha terra de marabilla xa descuberta, que me mostra tamén as amarguras dos seus refachos.